



PLAN DIXITAL

CEIP RAQUEL CAMACHO

A CORUÑA

[Versión 1.01 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

15005014 - CEIP "RAQUEL CAMACHO" - A Coruña.

ceip.raquelcamacho@edu.xunta.gal

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipraquelcamacho/>

Rúa Antonio Pedreira Ríos 13/15 – 15010 (A Coruña).

Tfno.: 981 25 71 54

Impártense as etapas educativas de

2021/2022	ALUMNADO	PROFESORADO	
EI	105	DEF.	26
EP	261	PROV.	6
TOTAL	366		

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- **Características socioeconómicas e culturais do contexto do centro.**

O CEIP Raquel Camacho está situado no barrio do "Agra do Orzán " da cidade de A Coruña, nunha zona escolar que comparte coa Escola de Educación Infantil Municipal e co Instituto de Educación Secundaria "Agra do Orzán", centro ao que está adscrito o alumnado do centro.

O alumnado vive practicamente todo no barrio a excepción do alumnado transportado da zona dos Rosais. As familias son de clase media baixa cunha alta porcentaxe de paro e un incremento progresivo de poboación inmigrante que cambia de domicilio con frecuencia o que repercute nos continuos movementos de matrícula con consecuencias de tipo pedagóxico nas aulas e desarraigo para o alumnado.

Cabe destacar que a "diversidade" nestes aspectos non debe supoñer obstáculos nin recelos se non todo o contrario, debe abrírnos os ollos para unha educación integradora. O feito de compartir aula con alumnado de outras orixes é positivo e enriquecedor dentro do marco dunha sociedade multicultural e para fomentar a convivencia pacífica entre eles.

- **Contextualización do Plan Dixital no CEIP Raquel Camacho**

A Competencia Dixital do alumnado do CEIP Raquel Camacho é moi variada: en educación infantil: o alumnado fai uso das TIC de maneira manipulativa, para reforzar contidos e actividades traballadas nal aula, ao igual que nos primeiros niveis de

Educación Primaria, necesitando unha supervisión e/ou acompañamento por parte do profesorado e familias. Nos cursos superiores, alumnado de 5º e 6º de Ed. primaria conta con libro dixital e é algo máis autónomo no uso das TIC, busca, selecciona e crea información, entra en plataformas dixitais de maneira autónoma, comparte contido con outros de compañeiros e compañeiras, presenta tarefas, e en algúns casos son capaces de solucionar pequenos problemas técnicos que xurden na aula con relación aos dispositivos.

A Competencia Dixital das familias, a nivel xeral, é moi básica: saben navegar e buscar información, comunicarse en redes sociais, etc. O 75 % das familias acceden a abalar móbil para comunicarse cos titores, saben enviar un email para comunicarse co centro, etc. A gran maioría accede a Internet a través dos seus dispositivos móbiles. Falta consolidar máis o uso de abalarmóbil e da consulta da páxina web. Moitas familias carecen de estratexias básicas para acompañar aos seus fillos/as na nova cultura dixital e descoñecen o uso seguro e responsable para desenvolverse na rede. A alta porcentaxe de familias que teñen unha baixa competencia dixital vese agravada, nalgúns casos, polas súas precarias condicións socio-económicas, non dispoñendo de recursos e ferramentas TIC máis elementais (só dispoñen de móbil, carecendo de wifi). Hai unha porcentaxe de alumnado que non dispón de equipos adecuados para acceder a internet desde os seus fogares, sendo pouco valorado por parte das familias como un recurso educativo imprescindible máis.

O profesorado e alumnado ten unha boa conectividade por cable no centro, en canto á conectividade por wifi, solo hai boa conectividade nas aulas E-dixgal. No resto do centro a conectividade wifi é bastante deficiente.

No centro existe unha adecuada infraestrutura tecnolóxica nas aulas E-dixgal, pero no resto de aulas o equipamento é bastante obsoleto. Todo isto indícanos que o nivel educativo que existe en canto a competencia dixital é medio-baixo, creando a chamada fenda dixital, o que reforza o noso afán de involucrar a toda a comunidade educativa no desenvolvemento deste Plan Dixital.

No CEIP Raquel Camacho sempre nos implicamos na integración ds TICs na aula, por iso levamos anos participando en diversas formacións e programas que axuden ao profesorado a formarse e coñecer as dotacións tecnolóxicas que ten o centro.. Todas las aulas están dotadas con encerado dixital ou pantalla proxectora, cañón proxector e ordenador portátil ou de sobremesa.

O equipo de orientación conta con 6 tablets para o alumnado de neae. Contamos con unha aula de informática con 15 ordenadores de segunda man, e un laboratorio de inglés con 25 equipos, cañón e proxector.

O centro conta con Páxina web e distintos blogs educativos, con abalarmóbil que usamos para comunicarnos coas familias e dar a coñecer as actividades que se relizan no centro, xunto co correo electrónico e Redes sociais.

- ***Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.***

O PD incardínase co Plan Estratéxico de centro e ten por misión unha aposta por potenciar as Metodoloxías Activas para a mellora da acción educativa a través de proxectos e innovación. Quere acercar o mundo dixital á acción docente diaria.

- **Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.**

O principal será fomentar o emprego de ferramentas dixitais tanto en docentes como en alumnos no proceso de ensinanza e aprendizaxe e a formación do profesorado.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O presente plan xustifícase na seguinte normativa legal:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

- Creación dun grupo de traballo para a elaboración do plan dixital.
- Preparación, posta en marcha e recompilación de datos do informe SELFIE.
- Preparación, posta en marcha e recompilación de datos do informe CDD.
- Elaboración da análise DAFO.
- Elaboración do Plan de Acción.
- Elaboración definitiva do Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- **Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:**
 - As aulas de 5º e 6º de ed. Primaria son aulas E-dixgal.
 - O resto de aulas do colexio teñen conexión á rede por cable. A wifi do centro funciona moi mal, agás nas aulas abalar-Edixgal. Actualmente está feita a solicitude á UAC para poñer rede wifi en todo o centro, pero a solicitude está pendente de resposta.

- **Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:**
 - Aulas E-dixgal en 5º e 6º de Educación primaria.
 - Todas as aulas de Educación infantil e primaria(18 aulas) contan con canón de proxección, encerado dixital ou pantalla proxeitora e ordenador de profesor, aínda que todos os equipos da aulas son moi obsoletos.
 - A dirección, secretaria e departamentos contan co seu propio equipo informático e impresora. (4 equipos en administración e 6 nos distintos departamentos)
 - A biblioteca conta con 2 equipos informáticos, un para facer o préstamo de libros e outro conectado a un cañón e pantalla proxeitora.
 - Aula de informática dotada con 15 equipos, tamén de segunda man.
 - Aula de idiomas con 25 ordenadores de sobremesa, todos conectados á rede, un canón proxector e encerado dixital.
 - A sala de profesores conta con cinco equipos informáticos.
 - O departamento de orientación conta con 6 tablets para o alumnado de NEE.

- **Servizos dixitais educativos:**
 - Páxina Web do centro.
 - Aula virtual.
 - Espazo abalar.
 - Abalarmóbil.
 - Abalarpro.
 - Plataforma E-dixgal.
 - Blogues educativos.
 - Redes sociais.

- **Xestión do mantemento do equipamento do centro.**
 - Empresa GVT e equipo TIC.
 - Servizo premium da Consellería para o equipamento edixgal.

- **Protocolos de centro relacionados coas TIC**
 - Plan de Continxencia.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,2				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	3,9				
C- Infraestruturas e	Equipo Direct.	2,4				

Equipos						
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,1				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	3,8				
	Alumnado					
	Equipo Direct.	3,1				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Profesorado	3,6				
	Alumnado					
	Equipo Direct.	2,3				
	Profesorado	3				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado	3,5				
	Equipo Direct.	2				
G- Prácticas de avaliación	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3				
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado	3,9				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	18	26	69,2
PROVISIONAL	2	3	66,7
INTERINO	2	2	100
SUBSTITUTO	5	8	62,5

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,5	INTEGRADOR/A B1	76,4	INTEGRADOR/A B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
EI	72	INTEGRADOR/A B1	68,2	INTEGRADOR/A B1
EP	79,4	INTEGRADOR/A B1	77	INTEGRADOR/A B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	12	44,4
B1	11	40,7
B2	3	11,1
C1	1	3,7
C2		
TOTAL	27	99,90%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.- DOTACIÓN EDIXGAL NAS AULAS DE 5º E 6º. 2.- DOTACIÓN DA CONSELLERÍA PARA ALUMNADO VULNERABLE.	1.- CABLEADO E INFRAESTRUTURAS DEFICIENTES (MALA WIFI). 2.- FALTA DE RECURSOS ESPECÍFICOS (EQUIPAMENTO OBSOLETO)
	PERSOAL DOCENTE	1.- ALTA PORCENTAXE DE PERSOAL DEFINITIVO. 2.- BO AMBIENTE DE TRABALLO. 3.- IMPLICACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO NA INNOVACIÓN EDUCATIVA	1.- FALTA DE PERSONAL PROACTIVO QUE LIDERE PLANS E PROXECTOS. 2.- FALTA DE MOTIVACIÓN E SOBRECARGA DE PROXECTOS QUE CHEGAN AO CENTRO. 3.- FALTA DE TEMPO EN HORARIO ESCOLAR.
	PERSOAL NON DOCENTE		1.- FALTA DUN PROFESIONAL EXTERNO, PROPORCIONADO POLA CONSELLERÍA, QUE SE DEDIQUE EN EXCLUSIVA AO MANTENIMENTO DO EQUIPAMENTO E DA INFRAESTRUTURA.
	ALUMNADO	1.- NATIVOS DIXITAIS. 2.- ACCESO DO ALUMNADO DE 5º E 6º AO EQUIPAMENTO EDIXGAL.	1.- MOBILIDADE E VULNERABILIDADE. 2.- COÑECEMENTOS ESPECÍFICOS (PROTECCIÓN DE DATOS , SEGURIDADE, USO DE PROGRAMAS EDUCATIVOS , CONTRASTAR INFORMACIÓN...)
	FAMILIAS	1.- ANPA COOPERATIVA	1.- FALTA DE RECURSOS. 2.- FENDA DIXITAL, 3.- INMIGRACIÓN (DIFICULTADES DE COMPRENSIÓN, FALTA DE IDIOMA...)
	OFERTA	1.- CURSOS E PROXECTOS DE FORMACIÓN. 2.- PROXECTO EDIXGAL.	1.- IMPLICACIÓN DO PROFESORADO NA REALIZACIÓN DA FORMACIÓN.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		1.- INESTABILIDADE NA COHESIÓN DO EQUIPO TICS E SATURACIÓN DE TRABALLO DO MESMO.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1.- EQUIPAMENTO EDIXGAL. 2.- APOSTA DA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA POLO PLAN DIXITAL. 3.- OFERTA DE FORMACIÓN	1.- ESCASA DOTACIÓN EN EQUIPAMENTO E INFRAESTRUTURAS. 2.- FALTA DE APOIOS/RECURSOS HUMANOS E ECONÓMICOS.
	LEXISLACIÓN	1.- BASEAMENTO LEXISLATIVO	1.- IMPOSICIÓN E EXCESO DE BUROCRACIA. 2.- POUCA DISPOÑIBILIDADE HORARIA DOS RECURSOS HUMANOS ADICADOS AOS DISTINTOS PROXECTOS
	CONTORNA	1.- ENTIDADES NA ZONA DE INFLUENCIA DO CENTRO QUE OFERTAN FORMACIÓN E RECURSOS	1.- MOITA POBOACIÓN INMIGRANTE CON ESCASOS RECURSOS.
	ANPA	1.- COOPERATIVA E IMPLICADA. 2.- OFERTA DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES RELACIONADAS CO DIXITAL	1.- POUCA DISPOÑIBILIDADE HORARIA. 2.- ESCASEZA DE RECURSOS ECONÓMICOS E HUMANOS
	OUTRAS ENTIDADES	1.- FORMACIÓN PARA FAMILIAS OFERTADA POLOS SERVIZOS SOCIAIS, CONCELLO E OUTRAS ONG	1.- POUCA RESPONSA DAS FAMILIAS ÁS DISTINTAS CONVOCATORIAS DE FORMACIÓN. 2.- POUCA CHEGADA DA INFORMACIÓN AS FAMILIAS.

3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do vindeiro curso segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido durante o vindeiro curso prestarase especial atención á posta en marcha do plan, á formación, a renovación do equipamento e a comunicación coa comunidade educativa a través de ferramentas dixitais.

Cada unha das accións propostas ten asociado un obxectivo real, measurable, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determínanse así mesmo una serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final da data establecida, as accións a desenvolver, os responsables das mesmas, os recursos necesarios, e a avaliación ao remate da data prevista.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partiuse, para elaborar o Plan de Acción, dos resultados do SELFIE e do CCD. Estes revisáronse téndose en conta, tamén, os obxectivos do noso Plan de acción. A análise DAFO amosaba debilidades en canto a infraestruturas e equipamento, formación, comunicación e fenda dixital.

Establecéronse 6 obxectivos específicos, medibles, alcanzables e axustados a un marco temporal. Para cada obxectivo incorporase unha táboa que recolle toda a información, as accións a realizar e que, tamén, recolle os indicadores (valores de partida e chegada) permitindo facer o seguimento do plan.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Precísase a mellora da infraestructura da rede wifi do centro, xa que agás nas aulas E-dixgal a cobertura é moi mala, nin o alumnado nin o profesorado se pode conectar sen fíos á rede de maneira eficiente, co fin de que tanto o alumnado como o profesorado poida acceder a internet desde calquera dependencia do centro.
- Precísase a renovación do equipamento informático de todas as aulas NON E-dixgal e da aula de informática do centro, xa que todos os equipos son de segunda man e están moi vellos, coa finalidade de que se poida acceder en condicións á rede sen continuas esperas, sen poder empregar ferramentas ou programas porque ordenador non o soporta ...,
- Sería necesario dous carros de carga con 25 ultraportátiles móbiles, un para cada planta do colexio, coa finalidade de que todo o alumnado de 1º a 4º de primaria poida realizar traballos dixitais e tarefas de consulta e búsqueda de información individualizadas.
- Necesidade de introducir melloras en abalar móbil (que se poidan enviar arquivos adxuntos), co fin de garantir unha comunicación eficiente e dispoñer dunha ferramenta máis áxil.
- Dotación de 25 tablets con armario de carga e fundas protectoras para educación infantil, coa finalidade de que poidan ser empregadas por todo o alumnado do ciclo, para reforzar o proceso de ensino-aprendizaxe de xeito dixital, e garantir o acceso do alumnado en situación vulnerable a este tipo de ferramenta nas aulas.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": LIDERADO / ESTRATEXIA DIXITAL						
1. OBXECTIVO :	IMPLEMENTACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DIXITAL DE CENTRO				Acadado	
RESPONSABLE:	DIRECCIÓN DO CENTRO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	6. POSTA EN MARCHA DO PLAN DIXITAL. 7. ESTABLECEMENTO DAS LIÑAS DE ACTUACIÓN, REVISIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN. 8. ACADAR QUE O 100% DO PROFESORADO SE ATOPE INVOLUCRADO CO PLAN DIXITAL.					
Valor de partida	PLAN DIXITAL ELABORADO, E APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR.					
Valor previsto e data	VALORACIÓN ANUAL DOS LOGROS NA MEMORIA DE FIN DE CURSO.		REMATE DO CURSO 22-23 (MEMORIA)			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Definir as liñas de actuación e seguimento na PXA anual	- Dirección - Responsable TIC	- Final de curso 2022/2023	- Claustro de profesores - Consello Escolar	Actas dos órganos colexiados Memorias de fin de curso	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Constituír un equipo de dinamización do Plan Dixital	Dirección Grupo de traballo	- Final de curso 2023/2024 - Reunión mensual do equipo.	- Reunión mensual do equipo formado polo responsable Tic e un docente por ciclo.	- Actas de seguimento específicas do equipo constituído	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Seguimento do proceso de implantación do Plan Dixital a través da Aula Virtual do centro.	- Dirección - Responsable TIC	- Final de curso 2023/2024	- Aula virtual do centro.	Información facilitada na Aula virtual e valoración da mesma en todos os Claustros ordinarios planificados ao longo dos dous cursos académicos	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
2. OBXECTIVO:	MELLORAR A COBERTURA WIFI DO CENTRO				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	FUNCIONAMENTO DA WIFI					
Valor de partida	WIFI CON MALA COBERTURA EN TODO O CENTRO					
Valor previsto e data	QUE A WIFI CUBRA O 100% DAS NECESIDADES DO CENTRO			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.2:Solicitud á Consellería da revisión da infraestrutura wifi do centro.	Dirección	Setembro 2022	Solicitud		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS						
3. OBXECTIVO :	DOTAR AO CENTRO DE EQUIPOS DIXITAIS ACTUALIZADOS				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO TIC / EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	RENOVAR E ACTUALIZAR O 50% DOS EQUIPOS					
Valor de partida	EQUIPAMENTO DO CENTRO OBSOLETO					
Valor previsto e data	50% DO EQUIPAMENTO RENOVADO			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1:Comunicación á Consellería das carencias en equipamento.	Coordinador Tic e Equipo directivo	Outubro 2022	Recursos humanos e informe		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Solicitud e á Consellería de novo equipamento	Equipo Directivo	Outubro 2022	Solicitud e		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS / LIDERADO						
4. OBXECTIVO:	REFORZAR O SERVIZO TÉCNICO EXTERNO				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	% DE INCIDENCIAS TÉCNICAS CORREXIDAS SATISFACTORIAMENTE					
Valor de partida	REVISIÓN QUINCENAL DOS EQUIPOS DO CENTRO					
Valor previsto e data	95% DOS EQUIPOS EN FUNCIONAMENTO SEN PROBLEMAS			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Creación dun sistema de partes de comunicación de avarías automatizado en conexión co servizo técnico.	Equipo Tics e Equipo Directivo	Xuño 2023	Ordenadores e conexión a internet	Mellora da contratación do servizo técnico.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": LIDERADO - COMUNICACIÓN INTERNA/EXTERNA

5. OBXECTIVO:	POTENCIAR O USO DA PÁXINA WEB, REDES SOCIAIS E BLOGUES ACTUALIZADOS POR PARTE DE TODOS OS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA	Acadado	
RESPONSABLE:	- ADMINISTRADOR DA PÁXINA WEB E PROFESORADO - ADMINISTRADOR DAS REDES SOCIAIS. - ADMINISTRADOR DOS BLOGUES	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	- 60% DO PROFESORADO SUBE CONTIDOS Á SÚA CATEGORÍA OU IMAXES Á GALERÍA - DIFUSIÓN SEMANAL DE 2 CONTIDOS NAS REDES SOCIAIS. - ACTUALIZACIÓN SEMANAL DOS BLOGUES DO CENTRO.		
Valor de partida	INSUFICIENTE ESTRATEXIA E POLÍTICA DE COMUNICACIÓN AXEIRADA ÁS CARACTERÍSTICAS DO CENTRO		
Valor previsto e data	- QUE O PROFESORADO SUBA CONTIDOS DENTRO DO SEU ROL. - PÁXINA WEB , BLOG E REDES SOCIAIS ACTUALIZADOS.	XUÑO 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Aloxamento na páxina web da documentación institucional do centro.	Administrador da páxina web	Finais de outubro de 2022	Ordenador e conexión a internet	Presencia actualizada da documentación na web.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Aloxamento na páxina web e galería de actividades de aula por parte do profesorado.	Profesorado	Ao remate de cada mes	Ordenador e conexión a internet.	Actualización das aportacións mensuais por parte do profesorado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Publicación nas redes sociais das actividades realizadas.	Administrador	Xuño 2023	Ordenador e conexión a internet.	Mantemento actualizado das redes sociais.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Aloxamento de recursos nos blogues de centro.	Administrador dos blogues.	Semanalmente	Ordednador e conexión a internet.	Mantemento actualizado semanalmente por parte dos administradores.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": LIDERADO - COMUNICACIÓN INTERNA/EXTERNA						
6. OBXECTIVO:	EMPREGAR ABALARMÓBIL COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN PREFERENTE COAS FAMILIAS				Acadado	
RESPONSABLE:	EQUIPO DIRECTIVO / PROFESORADO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	<ul style="list-style-type: none"> - % DE PROFESORADO QUE EMPREGA ABALARMÓBIL COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN PREFERENTE. - % DE FAMILIAS QUE TEÑEN DESCARGADA A APLICACIÓN ABALARMÓBIL. - % DE FAMILIAS QUE EMPREGAN A PLATAFORMA ABALARMÓBIL. 					
Valor de partida	10% DO PROFESORADO QUE NON UTILIZA ABALARMÓBIL. 60% DAS FAMILIAS QUE NON EMPREGA ABALARMÓBIL.					
Valor previsto e data	- 100% DO EQUIPO DOCENTE QUE EMPREGA ABALARMÓBIL. - 80% DAS FAMILIAS EMPREGAN ABALARMÓBIL.			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Organización de sesións de formación interna para o profesorado sobre as funcionalidades do espazo abalar e de abalarmóbil pro.	Equipo Tic, titores e Asesor abalar de zona.	Outubro 2022	Aula de informática, ordenadores ea acceso a internet.	Realización da actividade e asistencia do profesorado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Organización de formación para familias sobre as funcionalidades de abalarmóbil.	Equipo Tic e Asesor abalar de zona.	Decembro de 2022	Biblioteca e acceso a internet.	Realización da actividade e asistencia das familias.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi acadado e si é necesario realizar variacións no prantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen. Na avaliación final recolleranse os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

5. Difusión do plan

Unha vez rematado O Plan Dixital presentarase ante o Claustro e Consello Escolar escolar do Centro para a súa aprobación e posteriormente publicárase na páxina web do centro para que quede á disposición de toda a comunidade educativa.